



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL




UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Centros
Integrados
Formación Profesional

A FP DUAL : CARA A UN MODELO EDUCATIVO BASEADO NA COLABORACIÓN E INNOVACIÓN.



A FP en Galicia é...



Factor clave na 4ª revolución industrial

A importante e constante evolución da Formación Profesional en Galicia consolídaa como factor clave na cualificación de capital humano capaz de dar resposta aos novos retos asociados á cuarta revolución industrial.

“Dous terzos do crecemento do emprego estarán vinculados a profesionais de FP”



Calidade e competitividade

Esta modalidade implica unha FP con participación máis activa da empresa no proceso formativo do alumnado. A maior implicación empresa-centro educativo repercutirá nunha maior calidade desta ensinanza e na competitividade do noso tecido empresarial.

“O papel da FP Dual é fundamental nesta dinámica”



Ensinanza adaptada á nosa realidade

A Formación Profesional Galega é unha ensinanza moderna, dinámica e innovadora, adaptada á nosa realidade socio-económica e vía directa ao emprego.

“A FP de Galicia é un referente e está en liña cos principais países europeos”



Que é a FP Dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

A FP Dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional:

- ✓ Formación curricular: específica do ciclo formativo
- ✓ Formación complementaria: específica para os procesos produtivos da empresa

Combinando a asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e a actividade profesionalizadora na empresa.

Os centros e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral



O MODELO FP DUAL GALEGO



SÓLIDO E SUSTENTABLE

Implantación dun modelo adaptado á nosa actividade produtiva, sustentable no tempo.



VÍA DIRECTA AO EMPREGO

A taxa de inserción laboral 2018 foi do 90,7%: **9 de cada 10 alumnos traballan de forma estable.**



EVOLUCIÓN PROGRESIVA E CONTINUADA

Desde a implantación, no curso 2012-2013, do primeiro proxecto, o incremento experimentado na FP Dual de Galicia foi progresivo e continuado, cunha oferta de **50 ciclos novos** para o curso 2018-2019.



MÁIS POSIBILIDADES

No ano 2017 ábrese a posibilidade de **realizar FP Dual no período xaneiro-xuño** para o alumnado de 2º curso de ciclo ordinario. Igualmente remunerada e con alta na Seguridade Social.



FORMACIÓN COMPARTIDA

Entre centro e empresa, remunerada para o alumnado e con alta na Seguridade Social.



GRAO DE SATISFACCIÓN

o **86% do alumnado** recomendaría a realización dun ciclo formativo de FP dual



Diferenzas coa FCT

Na FP Dual a formación do alumnado repártese entre o centro educativo e a empresa e será en ámbolos dous lugares onde reciba os contidos formativos, sendo todos eles avaliados.



FCT (Formación en Centros de Trabajo)

O alumno só vai á empresa unha vez que teña superado tódolos módulos formativos no centro educativo, que en réxime ordinario soe ser no último trimestre do 2º curso.



As prácticas no centro de traballo non son avaliadas, cualifícanse como apto ou non apto



Estas prácticas non están remuneradas nin supoñen cotización á SS.



FP DUAL

O alumnado combina a formación no centro educativo e na empresa. Nas Duais de curso completo isto prodúcese xa durante o primeiro ano de curso.



A formación recibida na empresa si é avaliada, aínda que será responsabilidade do centro educativo



O período de formación na empresa está remunerado e cotiza á SS.

Na FP Dual o titor de empresa convértese nunha figura fundamental, xa que será o que guíe ó alumnado e acompañe na súa formación. Deberá tratarse dunha persoa non só con coñecementos e experiencia no seu ámbito profesional, senón tamén con sensibilidade cara a formación. É fundamental entender que na FP Dual o alumno aínda está aprendendo, non é un traballador máis, e polo tanto, debe tratarse de forma diferente.



Evolución

A Formación Profesional dual iniciouse en Galicia no curso 2012-2013, evolucionando dende entón de forma progresiva e continuada e estendéndose aos diferentes sectores produtivos de Galicia ata a situación actual.

66

TITULACIÓNS
DIFERENTES

127

CICLOS
FORMATIVOS

+1000

ALUMNOS

+200

EMPRESAS
COLABORADORAS

42

CENTROS
EDUCATIVOS

IMPULSO Á IMPLANTACIÓN DA FPDUAL


Para dar resposta ao crecemento vinculado coas demandas dos sectores produtivos e coa propia evolución da sociedade, a Xunta de Galicia debe dar un impulso determinante na implantación da formación profesional dual.

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA FPDUAL

Neste eido, ponse en marcha o Plan de dinamización da FP Dual de Galicia, que pode ser obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación e Formación Profesional



Liñas de actuación



REDE GALEGA

Creación da Rede galega de dinamización da FP Dual (REGADual)



NOVOS PROXECTOS

Impulso á implantación de novos proxectos de FP Dual



PREMIO FP DUAL

Creación do Premio FP Dual Galicia



AXUDAS AO DESPRAZAMENTO

Axudas ao desprazamento para o alumnado de FP Dual, no período de estadia na empresa



FOMENTO DA MOBILIDADE

Accións para o fomento da mobilidade de profesorado e do alumnado de FP Dual



FORMACIÓN

Programa específico de formación






Centros dinamizadores

A rede contará con **47 centros dinamizadores** da FP Dual que estarán dotados cada un cunha persoa responsable da dinamización da FP dual a tempo completo.



Todos os CFP formarán parte desta rede e seguirán sendo un referente na Formación Profesional galega.





Neste convenio recóllense, entre outros aspectos:

- O ciclo formativo obxecto da formación
- O centro educativo onde se realiza a formación
- O número de persoas acollidas pola empresa
- Os períodos e os horarios de permanencia na empresa
- A remuneración que vaia percibir o alumnado
- O programa formativo que se vaia realizar na empresa



Cómo se formaliza a colaboración entre empresa e centro educativo

Mediante un convenio asinado entre a empresa e a Consellería de educación, universidade e formación profesional.

Preguntas frecuentes

Cal é o programa formativo na empresa?

Partindo do currículo do ciclo formativo, o centro educativo e a empresa deseñan o programa formativo da empresa axustándose ás posibilidades e ás necesidades de formación da empresa en cada período de formación.

Como se realizan o seguimento e a avaliación da formación na empresa?

O centro designa un profesor ou unha profesora, e a empresa un titor ou unha titora, que serán responsables do seguimento da formación e da coordinación do conxunto das actividades realizadas na empresa. O profesor ou profesora serán os encargados de realizar a avaliación da formación, tendo en conta as valoracións achegadas polo titor ou a titora da empresa.

Cal é a duración dun ciclo formativo na modalidade dual?

Nesta modalidade dual, os ciclos formativos poden distribuírse en dous ou en tres anos.



Período no centro: de Setembro a Decembro

2º Curso									
Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Centro Educativo				Empresa					

 **Réxime Ordinario (Non hai límite de prazas)**

 **Ofértase no 1º trimestre do 2º curso** ----- **A distribución de módulos cínguense o establecido no currículo**

 **Requisitos: ter superado os módulos de 1º curso e estar matriculado en segundo**

Distribución dos módulos presentes no currículo

1.1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Criterios de avaliación que poden ser asumidos pola empresa	Empresa	Compartido	Centro Educativo
RA1. Monta e axusta sistemas mecánicos, interpretando planos, esquemas e procedementos de montaxe e desmontaxe.			
▪ CA1.1. Obtívose información dos planos e da documentación técnica referida aos elementos ou conxuntos que cumpra desmontar.			X
▪ CA1.2. Identificouse cada un dos elementos que configuran o sistema.		X	
▪ CA1.3. Aplicáronse as técnicas para a desmontaxe e a montaxe dos elementos.			
▪ CA1.4. Empregáronse os utensilios e as ferramentas para a desmontaxe e a montaxe de elementos mecánicos.	X		
▪ CA1.5. Verificáronse as características dos elementos (superficies, dimensións, xeometría, etc.), empregando os utensilios adecuados.		X	
▪ CA1.6. Preparáronse os sistemas mecánicos para a súa montaxe, substituindo, de ser o caso, as partes deterioradas.		X	
▪ CA1.7. Montáronse os elementos, asegurando a funcionalidade do conxunto.			X
▪ CA1.8. Axustouse e reaxustouse o sistema mecánico, cumprindo as especificacións técnicas.			X

Preguntas frecuentes

Cantas horas de formación se realizan na empresa?

Das 2.000 horas establecidas no currículo, un mínimo do 33 % deberase impartir coa participación da empresa.




Cal é o vínculo do alumnado de FP dual coa empresa?

O alumnado pode ter a condición de bolseiro ou ser contratado pola empresa mediante un contrato de formación e aprendizaxe. En calquera caso, o alumnado debe ser incorporado ao réxime xeral da Seguridade Social.



BOLSEIRO/A



Preguntas frecuentes

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non foi destinado á formación: tempo efectivo de traballo. Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional.*

Cales son os requisitos das persoas para acceder á FP dual?

Para acceder a esta modalidade de FP é preciso cumprir os requisitos académicos que se requiren para acceder aos ciclos formativos, dispoñibles no enderezo www.edu.xunta.es/fp, na epígrafe "Coñece a FP", e ademais:

- Ter dezaoito anos ou máis no ano natural en que comece o ciclo formativo.
- Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para o poder efectuar.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

Preguntas frecuentes

qué modalidade FP Dual escoller?



MODALIDADE DE CICLO COMPLETO

- ✓ Réxime de persoas adultas
- ✓ Mínimo 12 prazas
- ✓ Ofértase canda o resto de modalidades de FP (sobre xuño)
- ✓ A distribución de módulos acórdase coa empresa
- ✓ Período na empresa: acordada coa empresa, habitualmente entre Marzo e Setembro de cada curso, debendo garantir que o 33% da formación do ciclo se produza na propia empresa.
- ✓ Vacacións: mínimo 1 mes/ano
- ✓ Avaliación do alumnado: en Setembro



MODALIDADE 2º CURSO

- ✓ Réxime ordinario
- ✓ Requisitos: ter superado os módulos de 1º curso estar matriculado en segundo.
- ✓ Non hai mínimo de prazas
- ✓ Ofértase no 1º trimestre do 2º curso de ordinario
- ✓ A distribución de módulos cinguese o establecido no currículo
- ✓ Período na empresa: de xaneiro a xuño
- ✓ Avaliación do alumnado: en Xuño





Premio FP Dual Galicia

A FP Dual sustenta o seu éxito na confianza e no compromiso do tecido empresarial galego. Faise necesario, por tanto, pór en valor e recoñecer a súa colaboración.

Créase no ano 2019 un premio de carácter anual.

Categorías:

PREMIOS A EMPRESAS E INSTITUCIÓNS

- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - pequena e mediana empresa
- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - gran empresa.
- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - organizacións (asociacións empresariais, cámaras de comercio, institucións, fundacións e outro tipo de colectividade sen ánimo de lucro).

PREMIO A TITOR/A DE EMPRESA

- Mellor titor/a de empresa.



Empresas que participan en programas de FP Dual



EMPRESAS

Moitas das empresas máis representativas dos sectores estratéxicos galegos participan na FP Dual




INDITEX



ASOCIACIONES

Importantes asociacións galegas e nacionais colaboran na FP Dual



Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol



Asociación de Empresas Siderometalúrgicas da Coruña

Asociación Provincial de Empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



CIFP
Centros
Integrados
Formación Profesional

A FP DUAL : CARA A UN MODELO EDUCATIVO BASEADO NA COLABORACIÓN E INNOVACIÓN.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro




Centros
Integrados
Formación Profesional



Comarca Ferrolterra

- 168.000 Habitantes
- 12 Municipios



CIFP Ferrolterra :

- 7 Familias Profesionais relacionadas co sector industrial da comarca.
- 1100 Alumnos por curso
- 100 profesores

Proxectos de FP dual-CIFP Ferrolterra:



Aprendices ano 1917

- ❖ Curso 2019/20 temos 12 grupos cun total de 178 alumnos, o que significa que un 15% do noso alumnado está de FP DUAL Completa.

- ❖ Comezamos no curso 2016/17 cun CGS Mecntrónica con Navantia



Dual 2016



• Proxectos de FP dual -CIFP Ferrolterra :

- Navantia: 4 grupos: 1 CGS mecatrónica ,1 CGS Producción en FM, 2 CGS Deseño FM
- Gas Natural Nedgia: 1 CGM Producción de calor
- Cándido Hermida: 1 CGS Deseño e amoblamento
- Windar: 1 CGM Soldadura
- Tecnorrenova: 2 grupos:1 CGS Enerxías Renovables 1 Mecatrónica
- CT Ingenieros:1 CGS Desenv. Prox. Instal. Térmicas de fluídos
- Electrónica Comunicaci3ns: 1 CGS Mantemento electrónico
- 4 Empresas de Ferrol e comarca: 1 CGS Producción en FM



Vantaxes da FP DUAL:



Alumnos:

- ❖ Motivación extra ó percibir un salario proporcional ao tempo traballado
- ❖ Integración ó mundo laboral mentres consegue o CF.
- ❖ Incorporación máis fácil a industria 4.0

Empresas:

- ❖ Coñecer e integrar o alumno na súa formación antes de integralo ao sector produtivo.
- ❖ Redución de costes mentres o alumno se vai integrando e aumenta a súa produtividade.
- ❖ Exenta de costes de la SS





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL




UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Centros
Integrados
Formación Profesional

FP Dual a 6 meses :

- Pequenas e medianas empresas
- Motivación do alumnado de 1º
- Vantaxes para o pequeno empresario que pode coller dende un alumno-> sabe que precisa aprobar todo para continuar.



Curso 18/19 :30 prazas en 24 empresas das que se completaron 18

Curso 19/20: 38 prazas en 28 empresas das que se completaron 22

88 % destes alumnos quedáronse na empresa

Formas de atopar empresas:

- Asociacións de empresarios , FERROLTERRA, COFER, ASIME, ATREVE, ETC..
- Empresas que solicitan alumnos e que non se atopan na nosa bolsa de emprego
- Os propios alumnos que buscan unha empresa e nos pasamos a informar (sucede con alumnos que son de outras localidades sobre todo)
- Prensa.
- Reunión cos alumnos de 2ª que cumpre as condicións de acceso ofertando as prazas existentes.





Tres pilares :Consellería-Centro- Empresa



1. Consellería
 Con dotación económica e de material actualizado a industria actual.
 Aumento de profesorado



2. Empresarios
 invertendo na formación de los futuros traballadores, remunerando a los alumnos o tempo que están en la empresa



3. Cifp Ferrolterra con Profesorado moi implicado coa FP Dual e coas novas tecnoloxías.



Enquisa de satisfacción sobre o desenvolvemento da dual no 2019:

Valoración da estadía no Centro Educativo	Ben	91 %
	Regular	9 %
	Mal	-
Valoración da estadía na Empresa	Ben	98%
	Regular	2 %
	Mal	-
Aspectos positivos de la FP Dual	<p>Ver como fan para facelo nos , máis práctica e experiencia, a incorporación a empresa será mas fácil ó terminar o ciclo e empezar no mundo laboral</p> <p>Implicación completa da empresa e traballadores e profesores participantes.</p> <p>E unha forma moi boa de darnos a coñecer na empresa etc...</p>	
Aspectos negativos de la FP Dual	<p>A maioría en branco.</p> <p>Un grupo queixouse de que no Centro as clases eran polas tardes</p>	
Aspectos a mellorar nun futuro na FP Dual	<p>Máis salario</p>	
Crees que terás máis posibilidades de trallar que coa FP tradicional	<p>Aquí coinciden todos en que será máis fácil conseguir emprego.</p>	

- Nº alumnos : 98
- Alumnos con tres niveles de estudos: CGM, Bacharelato e CGS

MOITAS GRAZAS

ENRIQUE PAZO LÓPEZ

DIRECTOR CIFP FERROLTERRA

TLF. 981333107

CORREO EPAZO@EDU.XUNTA.ES

